



Comunicado da Xunta Directiva da Delegación en Lugo do COAG.

A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, na súa sesión 7/2014 de 14 de maio, celebrada en Santiago de Compostela, ao tratar a celebración ou vindeiro 19 de xullo dunha Xunta Xeral extraordinaria para someter a **APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS COLEXIAIS**, adoptou ou acordo relativo á devandita modificación estatutaria que se pode ver na **Circular n.º 18** en:

<http://www.coag.es/circulares/2014/mayo/secretaria/secretaria18-2014.pdf>

Esta modificación puntual, resúmese na incorporación do voto telemático aos nosos procesos de tomas de decisións e a unha modificación no relativo ás maiorías necesarias para a aprobación de acordos pola Xunta Xeral.

Esta decisión ven motivada, como podemos ler na carta remitida polo Decano a tódolos colexiados, pola necesidade de acometer accións que garantan a viabilidade do colexio e que permitan implicar aos colexiados na toma de decisións, que ó fin determinarán qué tipo de colexio queremos.

Dende a Delegación de Lugo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a súa Xunta Directiva, coa convicción absoluta da necesidade da aprobación desta modificación de estatutos, decide iniciar unha campaña de comunicación, para resaltar a importancia dos puntos a tratar na Xunta Xeral Extraordinaria e promover e motivar á participación de todos os colexiados desta Delegación de Lugo.

Actualmente os nosos estatutos "limitan" a participación nas decisións que nos afectan a todos, xa que "obrigan" á asistencia do colexiado ás Xuntas Xerais, que son por definición a expresión da vontade colexial.

Esta asistencia física pode ser substituída polo voto delegado nun compañeiro; sistema que hai 41 anos podía ser eficaz, e que sen dúbida permitía, chegado ou caso, reuni-los votos necesarios para a toma de decisións importantes ou mesmo esta modificación dos propios estatutos.

No anterior enlace encóntranse as papeletas de delegación de voto que se poderán encher e depositar antes da data indicada nas nosas oficinas, ou ben escanear e enviar o enderezo:

secretario.lugo@colexiodearquitectos.org

A situación actual dos arquitectos e da profesión limita de maneira radical a nosa capacidade para desprazarnos de forma maioritaria a un lugar concreto para participar nas decisións do colexio. Decisións de máxima importancia e urxencia, como á modificación dos estatutos, que obriga a un voto favorable de mais da metade dos colexiados con dereito a voto, son a día de hoxe impensables.



Ademáis, o COAG necesita unha profunda transformación. A Xunta Xeral do 19 é da MAXIMA TRANSCENDENCIA para o futuro do noso Colexio, **se queremos que o COAG teña un papel esencial como mediador diante da sociedade do que como colectivo somos quen de facer pola calidade dos espazos que habitamos**, po-lo que necesitamos axeitar a nosa estrutura á nova realidade e os novos xeitos de exercer ó noso oficio no presente. **Esto somente poderémolo facer coa participación maioritaria do colectivo.**

NECESITAMOS INCORPORAR O VOTO TELEMÁTICO co obxectivo de facilitar a participación nos procesos de toma de decisións.

Estamos en tempos de crise, en tempos de oportunidade, nun momento no que temos que decidir qué queremos ser e cómo queremos e podemos estar. Temos que estar presentes e participar na definición do noso futuro, **e as tecnoloxías nos permiten compatibilizar a participación na toma de decisións coa diversidade de situacións persoais.**

Esta primeira, simple e importante decisión ten que estar aprobada polo 50%+1 dos arquitectos colexiados (uns 1350).

NECESITAMOS a participación e presenza maioritaria na Xunta Xeral do 19 de Xuño na Coruña. Asumamos un compromiso pola difusión desta convocatoria e xeremos o debate necesario para que as decisións sexan asumidas maioritariamente. Falemos, debatamos, propoñamos ao tempo que nos dotemos de ferramentas que fagan posibles os acordos nos novos estatutos que temos que elaborar e que deberan ser refrendados por unha maioría suficiente que lle dea lexitimidade, pero sen blindaxes coma os presentes que fagan imposible unha revisión futura. O 19 DE XUÑO NA CORUÑA TEMOS UNHA OPORTUNIDADE.

Raúl J. Veiga Lamelas, Presidente.

Luis Díaz Díaz, Secretario.

Celia Fajar Lomba, Tesoureira.

Xunta Directiva da Delegación en Lugo do COAG.

Lugo, a 5 de xuño de 2014